

sonárbore

árbore



**NOVIDADES
INFANTIL**
CATÁLOGO
2017

A promoción da lectura pode ser como unha emboscada. Algo inesperado. Algo que ten un punto de sorpresa. O que acontece é que é unha emboscada boa, con consecuencias positivas. Ler, como sabemos, só trae bondades. Nin sequera provoca miopía. Para abrir as mentes non hai nada mellor.

Na Editorial Galaxia preparamos este catálogo que recolle as novidades publicadas pola nosa editorial dende setembro de 2016 ata o comezo do curso 2017-18. Un mollo de libros pensados para emboscar os cativos e cativas, para que entren no xogo feliz da lectura e non saian dese bosque encantado máis nunca.

ÍNDICE

SONÁRBORE

Volta, revolta e reviravolta	10
Pitusa Semifusa e os estilos musicais	12
Canta o cuco	14
As andanzas de Paio	16
Teatro de guiñol	18
Tic, tac, toc	20
Aire	22
Cancións para desafinar	24
Fantasia coas palabras	26

ÁRBORE

Moito Morro Corporation, Sociedade Ilimitada	30
O Apalpador	31
As terapias da doutora Leticia	32
Bestiario doméstico	33

Tragaxán e Tragadiño	34
Marta e a píntega	36
Dadá, o amigo invisíbel	38
Expedición Tilovonte	40
O enigma de Embívicus	42
O enigma de Mona Lisa	44
O misterio de Portomarín	46
O neno inverno	48
O príncipe carpinteiro	50
Os Cabezombis na Mansión Espello	52
Oxalá estiveses aquí	54
Pituxa, a fantástica nena da caca de ouro (escrita por un bolígrafo)	56
Versos da tarde laranxa	58
Versos para conversar	60



árbore/galaxia
sonárbore



VOLTA, REVOLTA E REVIRAVOLTA

Aprende a viaxar soñando.

Acompáñanos nesta *Volta, revolta e reviravolta* chea de ritmos e melodías, onde os protagonistas sodes vós: os nenos e nenas!

CARACTERÍSTICAS

DIMENSIÓN: 240 x 210

ENCADERNACIÓN: Cartoné


Nº DE PÁXINAS: 24

ISBN: 978-84-9151-044-4



ILUSTRACIÓN

PATRICIA CASTELAO



OUTROS TÍTULOS

UNHA VIAXE POLO MUNDO

Sabes cantar? Sabes bailar? Daquela, estás listo para viaxar.



CANTA E BAILA!



SURAMÉRICA
Canción incluída no libro-CD UNHA VIAXE POLO MUNDO.



Canal **Sonárbore** en Youtube



AS MAIMIÑAS
Canción incluída no libro-CD UNHA VIAXE POLO MUNDO.



Canal **Sonárbore** en Youtube



AS MAIMIÑAS

As Maimiñas son Lucía Lago Fernández e Irene Álvarez Lago, ou o que é o mesmo, Mai e Miña. Son dúas mosenses que un día, para celebrar a Semana da Familia nos coles dos seus fillos, decidiron actuar para eles. Foi entón cando decidiron facer o que querían que visen os seus nenos: un espectáculo de música e contos nos que eles puidesen participar activamente. Así, no mes de abril de 2011 naceron As Maimiñas.

Dende entón, e case sen decatarse, algo que comezou como un xogo, converteuse en parte da súa vida profesional. As súas aventuras téñenas levado ata o de agora por auditorios, asociacións e moitos coles de toda Galicia. *Unha viaxe polo mundo* é o seu primeiro traballo publicado.



I PITUSA SEMIFUSA E OS ESTILOS MUSICAIS

Ven coñecer o *blues*, o *reggae*, o *funky*, o *swing*, o *hip hop*... e non pararás de cantar e de bailar!

A vida está chea de cores e de sabores diferentes, tamén de estilos musicais. Pitusa Semifusa váinolos ensinar!!!

I CARACTERÍSTICAS

DIMENSIÓN: 240 x 210

ENCADERNACIÓN: Cartoné

Nº DE PÁXINAS: 24

ISBN: 978-84-9151-066-6



I ILUSTRACIÓN


LEANDRO LAMAS



I OUTROS TÍTULOS

UNHA VIAXE POLO MUNDO

Sabes cantar? Sabes bailar? Daquela, estás listo para viaxar.



I CANTA E BAILA!



PITUSA SEMIFUSA
Canción incluída no libro-CD PITUSA SEMIFUSA



Canal Sonárbore en Youtube



I OLGA BRAÑAS

Olga Brañas é licenciada en Historia da Arte e ten o Grao Profesional en Piano. Estudou ademais Harmonía e Percusión. É de Ourense e vive en Santiago. Dende moi nova destacou como pianista e pandereteira. Membro de Brañas Folk dende hai máis dunha década, onde deu mostras da súa habilidade xa non só como instrumentista senón tamén como compositora. Foi membro fundador de Folk Focus e da desaparecida Banda Tradicional de Gaitas ourensá. Sempre di que leva compoñendo dende que ten uso de razón. No mundo da música, a súa traxectoria e inquedañas levouna a colaborar cos músicos como Uxía, Sérgio Tannus e Víctor Coyote... *Pitusa Semifusa* é a súa primeira incursión na música infantil.



CANTA O CUCO

Que acontece cando dous grandes da música como Uxía e Magín van de visita á casa dun grande da poesía como Manuel María?

Que o cuco quere cantar...

CARACTERÍSTICAS

DIMENSIÓN: 240 x 210

ENCADERNACIÓN: Cartoné

Nº DE PÁXINAS: 28

ISBN: 978-84-9865-648-0



ILUSTRACIÓN

LEANDRO LAMAS



OUTROS TÍTULOS

ROSALÍA PEQUENIÑA

Rosalía de Castro na voz de Uxía e na voz dunha lexión de cantadeiras e un nutrido grupo de músicos.



CANTA E BAILA!



A CIDADE

Canción incluída no libro-CD CANTA O CUCO



Canal **Sonárbore** en Youtube



A VACA

Canción incluída no libro-CD CANTA O CUCO



Canal **Sonárbore** en Youtube



UXÍA

Uxía leva máis de 25 anos de carreira artística, que a converte nunha das voces máis populares e valoradas da nosa lingua. As súas cancións teñen sempre a presenza latente ou explícita da música tradicional, cun tratamento anovador e persoal.

teñen sempre a presenza latente ou explícita da música tradicional, cun tratamento anovador e persoal.



MAGÍN BLANCO

Nado na Rúa (Ourense) en 1960, é compositor, guitarrista e cantante. Comezou a súa carreira musical no grupo ourensán La Rosa. Desde o ano

2006, lanzou tres discos en solitario antes de dedicarse á música infantil.



AS ANDANZAS DE PAIO

Anímaste a viaxar con Paio o teixugo polo mundo adiante na procura de ritmos do máis sorprendentes? Con música de primeira e unha Paio-pedia coa que vas alucinar!

CARACTERÍSTICAS

DIMENSIÓN: 240 x 210

ENCADERNACIÓN: Cartoné

Nº DE PÁXINAS: 24

ISBN: 978-84-9865-675-8



ILUSTRACIONES

DAVID ÁLVAREZ E LAURA IGLESIAS



CANTA E BAILA!



PLÁTANOS

Canción incluída no libro-CD AS ANDANZAS DE PAIO

<https://youtu.be/cbGSwmtVhBs>



unha mona subida nunha árbore.



OVIRAVAI

OVIRAVAI son Verónica Santalices, Laura Iglesias, Federico Wlicki e David Álvarez. Eles fan todo: tocar, ilustrar e, sobre todo, crear música. A iso se dedican, nalgúns casos dende hai décadas e polo mundo adiante.

Son veciños de Vigo e de porta, así que case que se pode dicir que ensaian no portal do edificio no que viven. *As andanzas de Paio* é o seu primeiro traballo na colección Sonárbore de Galaxia.





ILUSTRACIONES

IVÁN R.



TEATRO DE GUIÑOL

Pirilampo volve coa súa enerxía de sempre e, desta volta, abeirado aos poemas retranqueiros e festivos de Manuel María. Unha combinación que é garantía de moitas horas de diversión.

CARACTERÍSTICAS

DIMENSIONES: 240 x 210

ENCADERNACIÓN: Cartoné

Nº DE PÁXINAS: 24

ISBN: 978-84-9865-678-7

OUTROS TÍTULOS

LUCECÚS

Once lucecús a cantar e a sumar a nosa voz á voz do pai, á voz da nai, á voz da Terra. A ti. Cantas con nós?



CANTA E BAILA!



DOCE MESES TEN O ANO
Canción incluída no libro-CD LUCECÚS



Canal **Sonárbore** en Youtube



O TÍO NICANOR
Canción incluída no libro-CD LUCECÚS



Canal **Sonárbore** en Youtube



PIRILAMPO

PIRILAMPO son: Xose e Lois (Voz), Gala (Acordeón), Cristina (Frauta), Álex (Percusión Tradicional), Sergio (Guitarra), Antía (Percusión) e tamén... Andrea (Voz), Arturo (Percusión), Tito (Baixo) e Erea (Gaita). Nace no ano 2010 como continuidade de Fol do Vento, e ten editados varios cedés pensados para a rapazada. Fai música infantil e en galego. Teñen actuado en todo sitio de lugares: centros educativos, asociacións culturais, prazas públicas...



I TIC, TAC, TOC

Levamos anos gozando coa música de Pablo Díaz. Desta volta, coa banda TIC TAC TOC, lévanos de viaxe polo mundo todo!

I CARACTERÍSTICAS

DIMENSIÓN: 240 x 210

ENCADERNACIÓN: Cartoné

Nº DE PÁXINAS: 24

ISBN: 978-84-9151-010-9

I BIOGRAFÍA



Pablo Díaz, acompañado dos seus músicos, leva moitos anos presentando as súas propostas musicais por toda Galicia, e alí onde vai, enche os auditorios. Algunhas das súas cancións son xa himnos para moita rapazada que descobre que os animais falan, que as estrelas cantan, e que todo, todo, está cheo de música e felicidade.



I ILUSTRACIONES

ALMUDENA APARICIO

I OUTROS TÍTULOS

Toc, Toc

Un mollo de cancións cheas de ledicia, ilusión, amizade e compañeirismo, onde non teñen cabida os malos rolos e si a defensa do medio natural, a protección dos animais e todas esas cousas que nos axudan a facer un mundo mellor. Un disco pensado para toda a familia, e do que gozarán todas e todos, en especial os máis pequeños da casa, que non van parar de cantar e bailar.



TEÑO UN CAN DE TRAPO
Canción incluída no libro-CD Toc, Toc

<https://youtu.be/sG4zuuQWho0>





ILUSTRACIONES

P. PASTOR



PREMIO MARTÍN CODAX
DE MÚSICA INFANTIL
2017



AIRE

Velaquí a terceira entrega da familia María Fumaça.

De novo e coma sempre, un lote de cancións de diferentes estilos pero presididas pola mesma filosofía do primeiro traballo: a alegría de vivir, de ser, de estar no mundo, de compartir. Unha ollada diferente sobre o mundo. Unha ollada mellor. Contén CVD e DVD.

CARACTERÍSTICAS

DIMENSIÓN: 240 x 210

ENCADERNACIÓN: Cartoné

Nº DE PÁXINAS: 24

ISBN: 978-84-9151-009-3

OUTROS TÍTULOS

MARÍA FUMAÇA

É un proxecto musical de celebración de artistas cantando a alegría de vivir.



APERTANDO

Canción incluída no libro-CD-DVD AIRE



Canal Sonárbore en Youtube



BAILACHES, CAROLINA?

Canción incluída no libro-CD-DVD MARÍA FUMAÇA



Canal Sonárbore en Youtube



BIOGRAFÍA

María Fumaça é unha locomotora do amor. Un dos proxectos editoriais máis sorprendentes e fermosos dos últimos anos que pretende abastar optimismo sobre a discapacidade na infancia, difundindo a idea de que a discapacidade pode ser vivida con normalidade. E sobre todo, segundo os seus autores, un proxecto de libros con CD sobre “a integración e a felicidade”. A alma máter de María Fumaça é Uxía. Coma ela sempre explica, trátase dun proxecto que, fundamentalmente, comezou como “unha celebración de vida” dedicada ao seu sobriño Ruí, un cativo con parálise cerebral e a quen gravamos un disco cada ano polo Nadal”, no que colabora toda a familia e moitos dos seus amigos músicos.



I CANCIONES PARA DESAFINAR

A Gramola Gominola chega con este segundo traballo cheo de cancións para desafinar.

Música desenfadada para bailar a ritmo de rock, punk, gospel ou funk. Porque non hai idades nin barreiras para a música, así que... a rockandrollear!

I CARACTERÍSTICAS

DIMENSIONES: 240 x 210

ENCADERNACIÓN: Cartoné

Nº DE PÁXINAS: 24

ISBN: 978-84-9151-045-1

I BIOGRAFÍA



A Gramola Gominola naceu entre lendas do rock, do blues, do reggae e do heavy metal; entre cintas de casete, discos e portadas de revistas da súa adolescencia. Pero tamén naceu entre lendas do rock vivas e galegas. Porque foi un dos seus integrantes, Paco Cerdeira (guitarra), quen se propuxo crear un grupo de rock diferente, para as pequenas e pequenos. Así foi como se uniron primeiro Anxelo de Xermar (baixo), despois Paula Romero (voz) e Ro Muñoz (batería). As ideas foron encaixando, dándolle pouco a pouco forma a idea dunha banda de rock para cativos. Unha forma que decidiron chamar A Gramola Gominola, coa que pretendían levarnos ata os recunchos máis especiais da música.



I ILUSTRACIONES

IAGO ARAUJO




I OUTROS TÍTULOS

A GRAMOLA GOMINOLA

Velaquí o primeiro disco de A Gramola Gominola.

Titúlase igual que o grupo que o botou a andar. Un traballo que conta coa participación de diferentes artistas como Mini e Mero ou Luís Tosar. Un traballo sorprendente que repasa moitos xéneros musicais e que está cheo dos vistosos debuxos creados pola ilustradora Lidia V. Cardeiro



I CANTA E BAILA!



CANCIONES PARA DESAFINAR
Canción incluída no libro-CD CANCIONES PARA DESAFINAR

<https://youtu.be/bpjGMpGF7o4>




SON O CAMPIÓN INTERNACIONAL
Canción incluída no libro-CD A GRAMOLA GOMINOLA



Canal **Sonárbore** en Youtube





FANTASÍA COAS PALABRAS

Con cada letra do abecedario podemos crear tantas aventuras como queiramos! Fadas, bruxas, xigantes, indios, piratas, unha elefanta rapeira ou unha mamá marciana acompañarannos nesta viaxe de *Fantastía coas palabras*. Unha proposta para aprender o abecedario dunha maneira orixinal e divertida a partir das letras de Rosa María Modrego Tejada.

Que comece a maxia: Abracadabra!

CARACTERÍSTICAS

DIMENSIÓN: 240 x 210

ENCADERNACIÓN: Cartoné

Nº DE PÁXINAS: 24

ISBN: 978-84-9151-058-1



PAPI E MAMI

Papi e Mami é o nome artístico que adoptan Jorge e María para presentar a súa primeira edición conxunta, o libro/disco *Fantastía coas palabras*. Jorge Juncal, músico multiinstrumentista con anos de experiencia como acordeonista en diversos grupos folk do país: Anubía, Macfeck, Faltriqueira ou Beladona. María López (Faltri), compoñente do grupo vocal Faltriqueira, formación que leva mais de 15 anos percorrendo escenarios nacionais e internacionais interpretando música tradicional galega e ritmos étnicos doutras latitudes. Ambos forman parte da escena infantil músico-teatral dende hai cinco anos. Traballaron en varios repertorios que acadaron o recoñecemento do público e programadores como a saga de “A nena e o grilo”, “Gatuxo” ou “A Banda das Apertas”



Os textos en castelán son da autoría de **ROSA MARÍA MODREGO TEJADA**, baixo o selo editorial: **ISTARDUK EDICIONES**



ILUSTRACIÓNS

XOSÉ TOMÁS

CANTA E BAILA!



ROSIÑA

Canción incluída no libro-CD *FANTASÍA COAS PALABRAS*




Canal **Sonárbore** en Youtube





árbole / galaxia



I CARACTERÍSTICAS

DIMENSIÓN: 130 x 200

ENCADERNACIÓN: RÚSTICA

Nº DE PÁXINAS: 104

IDADE: A partir de 10 anos

ISBN: 978-84-9865-670-1




ILUSTRACIÓN: Rodrigo Chao

PREMIO GALA DO LIBRO 2017 CATEGORÍA DE TEATRO

I MOITO MORRO CORPORATION, SOCIEDADE ILIMITADA

O mundo do circo sempre foi un chisco disparado... pero nestes días aínda máis!

Nesta divertidísima obra de Carlos Labraña imos acompañar uns personaxes de circo certamente espectaculares. Sen dúbida, “o maior espectáculo do mundo!!!”



I CARACTERÍSTICAS

DIMENSIÓN: 130 x 200

ENCADERNACIÓN: RÚSTICA

Nº DE PÁXINAS: 72

IDADE: A partir de 8 anos

ISBN: 978-84-9151-022-2



ILUSTRACIÓN: Carla María Cabaleiro González

I O APALPADOR

O apalpador baixa da montaña cunha presada de castañas para ti.

Nesta divertida obra de Carlos Labraña, aparece tamén cargado de risas, sorpresas e moito disparate. Unha viaxe teatral arredor dunha figura cada vez máis importante do noso Nadal.



I CARLOS LABRAÑA

Naceu en Cedeira en 1969. Fundou en 1988 o Colectivo Garola, dedicado á creación e montaxe de pezas de teatro infantil. Con eles participou na escrita de varias pezas dirixidas ao público máis novo, das que podemos salientar: *O segredo de Daniel* e *A escada*, ambas as dúas gañadoras do Certame Xeración Nós.

Máis adiante, continua a escrita de maneira individual ou en colaboración cos seus irmáns Antón e Sabela con pezas como: *O teatro dos sonhos*; *Indo para o Samaín*, baseada na festa das cabazas; *Os sons da buguina*, finalista do Premio Meiga Moira; *Teatro de xoguete*, Premio Estornela; e *Espantallo*, Premio O Facho. Recentemente, formou o grupo de teatro Os Furabolos, para levar á escena ás súas obras.



CARACTERÍSTICAS

DIMENSIÓN: 130 x 200

ENCADERNACIÓN: Rústica

Nº DE PÁXINAS: 68

IDADE: A partir de 10 anos

ISBN: 978-84-9865-671-8




ILUSTRACIÓN: Almudena Aparicio

AS TERAPIAS DA DOUTORA LETICIA

Cando un está malo necesita que lle dean un medicamento...

ou un monllo de sorrisos, de brincadeiras divertidas e algo de ilusión na vida. Neste libro vas atopar unha morea de personaxes necesitados dun tratamento urxente de felicidade para amañar o seu triste corazón. Cunha doutora moi especial...



CARACTERÍSTICAS

DIMENSIÓN: 130 x 200

ENCADERNACIÓN: RÚSTICA

Nº DE PÁXINAS: 128

IDADE: A partir de 10 anos

ISBN: 978-84-9151-064-2



ILUSTRACIÓN: Dani Padrón

BESTIARIO DOMÉSTICO

O mundo está cheo de pequenos seres que viven, a diario, mil fantásticas aventuras.

Arañas, gatos, moscas, cans... e o que poidas imaxinar. Raquel Castro, abeirada ás ilustracións de Dani Padrón, constrúe un microuniverso no que os bechos, mamíferos, insectos e, en definitiva, animalario en xeral, ten moito, pero moito, que contar.



RAQUEL CASTRO

Nacín en Alxén (Salvaterra de Miño) no ano 1971. Son profesora de Lingua Galega e Literatura no ensino secundario. Dedícome ao teatro dende o ano 1999, cando comezo a dirixir o grupo amateur Ata Sempre de Alxén. Impartín clases e escribín obras para o grupo de teatro do CEP Carlos Casares de Alxén e actualmente dirixo o grupo de Teatro da SDC de Salvaterra. Teño algúns galardóns, e este *As terapias da doutora Leticia* recibiu o Premio de Honra nos premios Estornela de Teatro que convoca a Fundación Xosé Neira Vilas, no ano 2014.



I CARACTERÍSTICAS

DIMENSIÓN: 130 x 200

ENCADERNACIÓN: Rústica

Nº DE PÁXINAS: 64

IDADE: A partir de 8 anos

ISBN: 978-84-9865-696-1



ILUSTRACIÓN: Patricia Castelao

I TRAGAXÁN E TRAGADIÑO

Bernardino Graña recrea aqueles tempos da infancia, que nunca marchan de todo, a través dos ollos de dous pícaros que entenden o mundo como espazo de xogo, de descuberta, de vida.

Un texto tenro cheo de aventuras e defensa da vida grande.




I BERNARDINO GRAÑA

Bernardino Graña (Cangas do Morrazo, 1932) traballou como catedrático de lingua e literatura no ensino medio. Aos dezaioito anos xa formaba parte, a carón de Celso Emilio Ferreiro, do consello de redacción da revista de poesía *Alba*. Foi premiado varias veces nas xa míticas Festas Minervais de Compostela e, no ano 1958, participou en Madrid na fundación do Grupo Brais Pinto, co que publicou *Poema do home que quixo vivir*, o seu primeiro libro.

Impulsor e primeiro presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega, a súa obra abrangue diferentes xéneros: poesía, teatro, narrativa e literatura infantil. Entre os seus títulos máis destacados está o poemario *Profecía do mar* (1966), libro fundamental na poesía galega do século XX, *Non vexo Vigo nin vexo Cangas* (1975), *Himno verde* (1992) e *Sen sombra e sen amor* (2004). En 2003, obtivo o Premio Eixo Atlántico de narrativa galega e portuguesa pola súa primeira novela, *Protoevanxeo do neto de Herodes*.

Dende xuño de 2010 é membro da Real Academia Galega.





CARACTERÍSTICAS

DIMENSIÓN: 130 x 200

ENCADERNACIÓN: RÚSTICA

Nº DE PÁXINAS: 132

IDADE: A partir de 10 anos

ISBN: 978-84-9865-698-5



ILUSTRACIÓN: Patricia Román

ELI RÍOS

Naceu en Londres ao mesmo tempo que o punk rock pero, ao pouco tempo, regresou ás terras de Ordes, onde se criou. Depois de moitas voltas e reviravoltas, decidiu instalarse ao pé do castro de Elviña. Alí agromaron algúns libros como *Bicha*, co que gañou o XII Premio Pura e Dora Vázquez de Narración, convocado pola Deputación de Ourense en 2015. Ten tamén premios de poesía e colabora como crítica literaria na revista dixital de crítica literaria feminista *A Segá*.



© Eduardo CastroBal

MARTA E A PÍNTEGA

Marta é unha nena á que lle pasan cousas increíbles.

Como, por exemplo, saltar ao mundo dos contos. Alí agardan por ela personaxes que coñecemos de sempre e que a necesitan para solucionar un problema ben gordo.





I DADÁ, O AMIGO INVISÍBEL

Pero quen vai tomar en serio un neno que di que ten un amigo invisíbel?

Iso é moi vello e de sempre é unha fantasía... mais, o que acontece é que este amigo, malia ser invisíbel, move cousas, cambia outras de sitio e, incluso, imparte xustiza.

Un libro marabillosamente invisíbel. Ou non.

I CARACTERÍSTICAS

DIMENSIÓN: 130 x 200

ENCADERNACIÓN: RÚSTICA

Nº DE PÁXINAS: 128

IDADE: A partir de 10 anos

ISBN: 978-84-9151-023-9





ILUSTRACIÓN: Silvia Novoa

I XAVIER FRÍAS CONDE

Xavier Frías Conde (Béjar, Salamanca, 1965) é cidadán do mundo no sentido máis literal do termo. Viviu en moitos sitios: Salamanca, León, Madrid e Toledo. Agora vive a cabalo entre A Mancha e Bohemia. Traballa como profesor na UNED e dedica a maioría do seu tempo á creación literaria e a viaxar. As súas paixóns son as linguas e os blogs na Internet. Como autor, publicou máis dunha ducia de textos de Literatura Infantil e Xuvenil, mais tamén de poesía e narrativa para adultos.

En 2012 foi un dos finalistas do XXI Premio Edebé de Literatura Infantil





EXPEDICIÓN TILOVONTE

Benvidos á expedición máis tola, divertida, disparatada...

e increíble de todos os tempos! Nun mundo en que de todo pode pasar, en efecto, pasa de todo! Unha ferverza imaxinativa, a de Carlos López, que vai atraparte durante unha viaxe imposible de esquecer. Atrévete?

CARACTERÍSTICAS

DIMENSIÓN: 130 x 200

ENCADERNACIÓN: RÚSTICA

Nº DE PÁXINAS: 144

IDADE: A partir de 10 anos

ISBN: 978-84-9151-052-9



ILUSTRACIÓN: Kristina Sabaite

CARLOS LÓPEZ

Boimorto, 1967. É humorista gráfico nas páxinas de *La Voz de Galicia*, actividade pola que recibiu galardóns como o Haxtur de Humor ou o Premio Mingote. Na súa faceta de escritor, presta especial atención á literatura infantil. Neste eido, a súa obra mereceu, entre outros, o Premio Merlín, o Raíña Lupa e o Xosé Neira Vilas, así como a inclusión en dúas ocasións na selección anual The White Ravens da Internationale Jugendbibliothek de Múnic.



OUTROS TÍTULOS




Chuquelo, como can, era un auténtico desastre.


Un can sen oficio nin beneficio.

Só desenterrar ósos o compensaba da súa tristura.

Velaí a clave da súa vida.



Outros Xogos Olímpicos pasarán á Historia por ser os que viron bater un maior número de récords. Pero os Xogos Olímpicos de Ningures pasarán á Historia por ser os máis estrambóticos e divertidos.



CARACTERÍSTICAS

DIMENSIÓN: 130 x 200

ENCADERNACIÓN: RÚSTICA

Nº DE PÁXINAS: 226

IDADE: A partir de 12 anos

ISBN: 978-84-9151-041-3



ILUSTRACIÓN: María Lires

O ENIGMA DE EMBÍVICUS

No centro da vila hai un buraco enorme e todo xira arredor súa.

É o embigo do mundo que todos ven fascinados... ou non. A Editorial Galaxia recupera a máis famosa novela infantil de Perozo, nesta nova edición ilustrada por María Lires.


XOSÉ A. PEROZO

Escritor nacido en Llerena que vive en Galicia desde hai case medio século. Adoita escribir en galego e castelán, segundo lle apetece. Ten publicados moitos libros infantís, para a mocidade e para adultos porque a súa afección desde pequeno foi imaxinar historias e contalas. Agora vive de converter os seus soños en libros coma este. Di que perdeu a conta dos títulos publicados, uns setenta, e pode que sexa certo. Tamén traballa como editor e nese eido planificou e dirixiu a *Enciclopedia Galega Universal*, seguramente a derradeira editada en papel no mundo, nesta era de Internet. Tamén é xornalista. Traballou en periódicos, revistas, emisoras de radio, televisión e gabinetes de comunicación política durante máis de corenta anos. Unha chea de tempo. Tamén perdeu a conta de tantas cousas que fixo.



© Antonio Seijas





PREMIO ONETTI INFANTIL 2014

I O ENIGMA DE MONA LISA

Mariel decídese a explorar o faiado dos seus avós na procura dun vestido antigo para a obra de teatro que deberá interpretar coa súa clase.

Alí atopa o intimidante retrato do tío Alfonso, cuns ollos que a seguen onde queira que vaia. Aparecen cartas de amor e a tarxeta doutra muller que non é a avoa, unha tal Mona Lisa, da que o avó pareceu nomorarse no seu día.

Comeza a investigación. E un partido de fútbol con equipos mixtos, cheo de paixón...

I CARACTERÍSTICAS

DIMENSIÓN: 130 x 200

ENCADERNACIÓN: RÚSTICA

Nº DE PÁXINAS: 160

IDADE: A partir de 10 anos

ISBN: 978-84-9151-014-7





ILUSTRACIÓN: María Noel Toledo

I MARÍA NOEL TOLEDO

Escribir contos sempre lle encantou, pero non foi ata 2006 cando comenza a publicar para nenos. Tiña xa un vínculo moi especial con eles a través da odontopediatría e a plástica, e de aí naceu *Ramiro y la maravillosa Molly*, un conto sobre a boca (Alfaguara, 2006). En 2008 foi reeditado por Primerapersona en Galicia, onde viviu sete anos co seu esposo Alejandro e os seus fillos Santiago e Ramiro. Logo viñeron moitos libros máis. A ilustración e a animación con plastilina déronlle unha gran satisfacción en 2011, cando con Editorial Galaxia gañou o Premio Mestre Mateo á mellor obra interactiva por *Area fai seis*. Levou obradoiros de arte e creatividade por museos e centros culturais que lle fixeron coñecer toda a verde Galiza e tantos dos seus preciosos nenos e nenas. Volveu ao Uruguai en 2014, cando esta novela foi recoñecida co premio Onetti de Literatura Infantil Xuvenil. Tamén publicou un conto, *Iris y el secreto del Ratón Pérez*, con Editorial Banda Oriental, ao ano seguinte. Outra das súas paixóns é a escenografía. En 2015 tivo a satisfacción de ser proposta para os premios Florencio de teatro uruguaio pola obra *The woman in black*, de Susan Hill. Fílle unha grande ilusión estar de novo en Galicia dalgún xeito con esta novela en galego entre as túas mans.





CARACTERÍSTICAS

DIMENSIÓN: 130 x 200

ENCADERNACIÓN: RÚSTICA

Nº DE PÁXINAS: 240

IDADE: A partir de 12 anos

ISBN: 978-84-9151-021-8



ILUSTRACIONES: Kristina Sabaite

O MISTERIO DE PORTOMARÍN

Aqueles irmáns pensaban que o verán ía ser igual de monótono e gris que sempre.


Mais por unha serie de casualidades van ter que investigar un misterio que todos coidaban esquecido... como a vila que descansa debaixo das augas do encoro.

Durante séculos aquela vila anegada tivo os seus (terribles) segredos ben gardados. Mais agora van saír á luz...

ANTÍA YÁÑEZ RODRÍGUEZ

Antía Yáñez (Burela, 1991) é enxeñeira de Camiños, aínda que nunca exerceu a profesión. Entre os premios outorgados á súa obra atópanse o Certame de Microrrelatos “Lonxa Literaria” 2013, de Moaña, o Premio de Relatos Curtos “Os Viadutos” 2014, de Redondela, e o Certame Literario de Poesía e Narración Breve de Cambre (2016). Actualmente compaxina a escrita coa xestión dunha academia en Cecebre (Cambre), onde imparte obradoiros de escritura para rapazas e rapaces. *O misterio de Portomarín* é a súa primeira novela.





I CARACTERÍSTICAS

DIMENSIÓN: 130 x 200

ENCADERNACIÓN: RÚSTICA

Nº DE PÁXINAS: 148

IDADE: A partir de 12 anos

ISBN: 978-84-9151-017-8



ILUSTRACIÓN: María Lires

I O NENO INVERNO

Un neno especial. Un lobo doente.

A comunicación entre dous corazóns magoados. Un libro fermosísimo.

I MARÍA CANOSA

María Canosa (Cee, 1978), enxeñeira de Camiños, Canais e Portos, sempre estivo vinculada á literatura galega, participando en seminarios, obradoiros, coloquios... e acadou diversos premios, entre os que destacan o Concurso de Contos da Asociación Cultural O Facho (1986-1992), o Certame Literario Terra Chá da Asociación Cultural Xermolos (1989-1992), o certame Contos en Galego-ONCE (1992) e o certame Francisco Fernández del Riego (1993).

A súa obra poética está recollida en volumes colectivos: *O trasno rebuldeiro*. *Antoloxía de literatura infantil da Costa da Morte*, *Rumbo ás illas e Nós*, as tres publicadas en 1997. Outras obras colectivas nas que participou foron: *Dezaseis relatos* (1995), *Mini-relatos* (1999), *Narradoras* (2000), *Achegamento ao libro* (2001) e *Lecturas de aquí e acolá. 3 e 4* (2005). A súa obra narrativa componse dos seguintes títulos: *Bramido maino* (1997), *A pedra de seixo* (1997), *Á espreita na penumbra* (1999), e *Leo era un león* (2002). Desde xullo de 2006 colabora semanalmente como articulista no xornal *La Voz de Galicia*.



I OUTROS TÍTULOS




A historia dun pito singular que, a forza de curiosar e curiosar, se obsesionou cun verme algo escurridizo.

Matías é un pito singular. Curioso dende antes de nacer, estaba chamado a vivir mil e unha aventuras maravillosas.



Nas noites de verán, un dos espectáculos máis fermosos, ademais do ceo claro e estrelado, é ver os puntos de luz que desprenden os vagalumes, coándose entre as herbas, como tesouros agochados que chaman por nós. Así son estes poemas, sinxelos e naturais, coma se os versos estivesen voando entre as nubes, no aire, agardando ser atrapados por estas páxinas, para contarnos historias de todo o que nos arrodea.



I O PRÍNCIPE CARPINTEIRO

Rodolfo VI ía medrando en estatura e mingando como zarabeto e... cos anos, o rei Gumersindo II ía perdendo as esperanzas, pois o seu neto nunca quixo saber nada de armas, nin de caza, nin de equitación, nin de nada que tivese que ver coas obrigas dun futuro rei como Deus manda.

I CARACTERÍSTICAS

DIMENSIÓN: 130 x 200

ENCADERNACIÓN: RÚSTICA

Nº DE PÁXINAS: 72

IDADE: A partir de 10 anos


ISBN: 978-84-9151-051-2



ILUSTRACIÓN: Manuel Uhía

I MANUEL UHÍA

Naceu en Portonovo no ano 1944. É un dos ilustradores galegos con máis longa traxectoria. Traballa tamén como deseñador gráfico. Colabora decote con editoriais, medios de comunicación e axencias de publicidade. Como pintor, realizou numerosas exposicións individuais e colectivas. Escritor de varios libros, como ilustrador foi seleccionado en tres ocasións na Bienal de Bratislava (1993, 1995 e 1999). Recibiu o premio Rañolas de Ilustración en 1997.





Os CABEZOMBIS NA MANSIÓN ESPELLO

Herdar unha mansión semella ser sempre unha boa nova... a non ser que nesa casa vivan uns cabezombis dispostos a non parar quietos un segundo e a facerlle ao novo inquilino a vida un pouco... diferente.

CARACTERÍSTICAS

DIMENSIÓN: 130 x 200

ENCADERNACIÓN: RÚSTICA

Nº DE PÁXINAS: 276

IDADE: A partir de 10 anos

ISBN: 978-84-9865-727-2




ILUSTRACIÓN: PERRILLA

PATRICIA MALLO

Vigo, 1985. estudou Comunicación Audiovisual na Universidade de Vigo e acadou bolsas para estudar e traballar en países como México, Italia, Reino Unido e a India.

A súa traxectoria profesional desenvolveuse en sectores como a prensa, a mercadotecnia *online* e relacións internacionais. Ao tempo, fixo múltiples cursos de escritura creativa, guións, interpretación e improvisación teatral.

Tras escribir e producir o curtametraxe *¿Amigos?*, agora debuta coa novela infantil *Os Cabezombis na Mansión Espello*, onde mestura os seus temas preferidos: humor, misterio e fantasía.





I CARACTERÍSTICAS

DIMENSIÓN: 130 x 200

ENCADERNACIÓN: RÚSTICA

Nº DE PÁXINAS: 128

IDADE: A partir de 10 anos

ISBN: 978-84-9865-716-6



ILUSTRACIÓN: Dani Padrón


I OXALÁ ESTIVESES AQUÍ

Charo Pita ofrécenos unha historia chea de aventuras e aprendizaxe, onde os animais protagonistas medran a medida que van pasando unhas probas que, dalgunha maneira, explican o dura... e o marabillosa que pode ser a vida.

I CHARO PITA

Charo Pita di que naceu á idade de seis anos cando rematou de ler o seu primeiro libro. Recoñece estar sempre a medio camiño: nin pícara nin adulta, nin gorda nin fraca, nin loura nin morena, nin india nin vaqueira, nin de aquí nin de alí, unha salvaxe apracible, entre o po da viaxe e a modorra dunha butaca vella, unhas veces coa palabra na boca, outra coa música... O seu traballo como narradora abrangue diversas áreas, desde o conto infantil ata o relato erótico ou de terror e as montaxes musicais. Tamén imparte talleres de narración oral, desde o ano 1994, por todo o ámbito da xeografía española. Estudou Canto, Interpretación e é licenciada en Filoloxía Hispánica pola Universidade de Salamanca. Como escritora recibiu algúns premios literarios. *Estamos no verán* foi a súa primeira publicación na Editorial Galaxia.





| PITUXA, A FANTÁSTICA NENA DA CACA DE OURO
(ESCRITA POR UN BOLÍGRAFO)

A Pituxa ninguén lle fai caso.

A súa familia é pobre. Pero moito! Mais un día empeza a facer unha caca moi especial. De ouro! E agora todos queren a Pituxa. Sobre todo, certos banqueiros e algunhas persoas emocionadas pola súa... particularidade.

| CARACTERÍSTICAS

DIMENSIÓN: 130 x 200

ENCADERNACIÓN: RÚSTICA

Nº DE PÁXINAS: 304

IDADE: A partir de 12 anos

ISBN: 978-84-9151-013-0






ILUSTRACIÓN: Lidia Nokonoko

| MARCOS LÓPEZ CONCEPCIÓN

Marcos López Concepción ten a súa casa en Lavadores (Vigo), onde emprega a súa habelencia de xogador de Tetris para ir colocando todos os seus libros sen que se derruben. Colecciona tamén pequenos detalles, fotografías e noticias curiosas que vai subindo a Facebook. Este ano comezou a estudar a fondo o regulamento da petanca e vai bastante ben nos rexistros do xeocaching. Abandonou o hobby de facer saltar pedras lisas en superficies líquidas, logo de descubrir que a marca mundial está situada en oitenta e oito botes consecutivos. Sendo un cativo, leu como Balbino atopaba na rebusca unha cai-xiña branca de madeira que contiña todas as posibilidades do mundo. Desde aquela, fíxose partidario de darlle unha segunda oportunidade aos obxectos que o merezan, remexendo nas praias a primeira hora da mañá, nos refugallos, nas feiras, tendas de ocasión e anticuarios. O seu último achado de interese foi o bolígrafo que escribiu esta historia. Esgotada a tinta do boli máxico, arriscouse a redactar do seu puño e letra sonigramas e relatos, que, como naves espaciais, acabarán aterrando en planetas imaxinarios. Algunhas historias prenderán e medrarán. Outras non chegarán a tanto.





I VERSOS DA TARDE LARANXA

Ana María Fernández leva moitos anos cuidando a poesía máis delicada para os máis pequenos e pequenas.

Neste novo libro supérase. E fai que o mundo, todo, sexa de cor laranxa...

I CARACTERÍSTICAS

DIMENSIÓN: 130 x 200

ENCADERNACIÓN: RÚSTICA

Nº DE PÁXINAS: 72

IDADE: A partir de 8 anos

ISBN: 978-84-9865-723-4



ILUSTRACIÓN: María Ruiz Castelain

I ANA MARÍA FERNÁNDEZ

Ana María Fernández Martínez naceu en 1949 en Palma de Mallorca, aínda que leva toda a vida en Galicia, na cidade da Coruña. Mestra de profesión, sempre tivo claro que dedicaría a súa vida a estar preto dos máis novos. Cara a eles encamiñou a súa vocación literaria, que empezou a ofrecer froitos a partir de 1977. Acadou importantes galardóns, entre eles o Premio de Teatro O Facho (1987) e o Premio Barco de Vapor (1985 e 1989), todos eles gañados en colaboración co seu home, o tamén escritor Xoán Babarro. Aínda que cultivou a narrativa e máis o teatro, é na poesía infantil onde Ana María Fernández se atopa especialmente cómoda. Un dos seus poemarios, *Amar e outros verbos*, recibiu no ano 2001 o Premio Lazarillo. Nese camiño, entretecido de poemas e vida sitúase *¿Quen vive aquí?* (2004).



I OUTROS TÍTULOS



Conto Novo quería ter a historia máis fermosa do mundo enteiro.

Quería ser o máis importante de todos os contos contados e por contar. Por iso procuraba un protagonista inmortal. Foi Marta quen lle fixo entender por que as historias e os seus habitantes viven para sempre.



Un libro no que a autora mostra que é posible viaxar polo mundo guiado pola poesía.

O mundo é como unha casa grande, repleta de cuartos. En cada cuarto habita alguén que nos pode contar a súa vida. Na casa da selva, na casa do monte, na casa da cidade... alguén que agarda para falar contigo.



CARACTERÍSTICAS

DIMENSIÓN: 130 x 200

ENCADERNACIÓN: RÚSTICA

Nº DE PÁXINAS: 80

IDADE: A partir de 10 anos

ISBN: 978-84-9151-016-1



XOÁN CARLOS DOMÍNGUEZ ALBERTE

Naceu en 1966 no lugar de Escudeiros (Ramirás), na comarca da Terra de Celanova. Na universidade estudou Filoloxía Galega. Agora é profesor nun instituto e gústalle cultivar a terra e coidar a natureza. A través da lectura dos nosos escritores aprendeu que a cultura galega é un lume poderoso que, usando a nosa lingua, ten que avivar cada un/ha de nós. Dende pequeno foi sabendo que a poesía serve para expresar o mundo con musicalidade e precisión. Ten moitos traballos e libros publicados. Este é o primeiro título de literatura para xente nova.



VERSOS PARA CONVERSAR

Poesía que vai de ti para min.

Para ler e entender o mundo. Para saber como se nomean as cousas. E para recitar e falar. Unha pequena folerpa poética. Versos delicados que pintan de cor as cousas todas.



ILUSTRACIÓN: Pablo Rosendo



**LENDO
CONTIGO
DENDE
1950**

 @EdGalaxia

 @famos.delibros

 @galaxiaeditorial

 www.editorialgalaxia.gal

